



ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVÍO: 10/07/2026

TIPOLOXÍA: TORMENTAS E CHOIVAS

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN DO NIVEL DE ALERTA

NIVEL DE ALERTA: LARANXA (ACTUALIZACIÓN)

A Axencia estatal de meteoroloxía informa no boletín 87/71GAL_C_C_RN_TT emitido no día de hoxe, ás 18:30, do fenómeno meteorolóxico adverso por TORMENTAS e CHOIVAS de nivel LARANXA, que vai afectar a toda a provincia de A Coruña, a partir das 16:00 do día 11/07/2026, podendo acadar ata 30 mm de precipitación nunha hora, acompañada de fortes refachos de vento e granizo.

Este fenómeno acadará menor intensidade, nivel AMARELO nas zonas de Lugo (A Mariña, Centro e Sur) e Pontevedra (Rias Baixas, Interior). E a partir das 18:00 afectará a Lugo (Montaña) e Ourense (Montaña, Valdeorras),

Dado o carácter destes fenómenos existe a posibilidade de que se poidan producir tormentas de intensidade superior de forma puntual.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: ADOPTEN as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, ALERTEN ou MOBILICEN aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es